



COPIA

## PREGUNTA ORAL SOBRE O USO DO LOCAL DA ESCOLA UNITARIA DA SUSANA, CONVERTIDO EN CENTRO BTT

Ao abeiro do disposto no artigo 101 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello, a concelleira que subscribe formula a seguinte pregunta ao Goberno Local para a súa contestación oral no Pleno:

O día 20 de marzo pasado clausurábase o obradoiro de emprego Ecorrural Santiago a través do que, co labor de vinte alumnos e alumnas e a colaboración da Xunta de Galicia, se rehabilitou a vella escola unitaria da Susana, para destinala a un centro BTT, como base para percorridos con bicicleta de montaña ou para a práctica do sendeirismo.

Faciase realidade así, un ansiado proxecto concibido en 2015, para poñer en valor este singular edificio educativo e tamén coñecer e divulgar, desde ese lugar e nas redes sociais, a riqueza ambiental e patrimonial do Val de Santa Lucía e Marrozos.

Desde hai xa un tempo, representantes veciñais da Susana téñense dirixido a este grupo municipal mostrando o interese por dispoñer dun local nas anovadas dependencias do vello colexio, de forma que se puidera compatibilizar o uso cultural e deportivo previsto coas necesidades da veciñanza. Unha xusta demanda, posto que foi esa mesma veciñanza a que achegou o terreo e custeou a construción do centro educativo a mediados do século pasado.

Tendo en conta que no acto de clausura do citado obradoiro, o alcalde manifestou que no edificio se ía reservar un espazo "para ser utilizado polas mulleres desta aldea de Marrozos, como veñen facendo nos últimos anos", realizamos a seguinte pregunta:

***Como se van xestionar estas instalacións da Susana e a que entidades veciñais e en que condicións se lle vai facilitar alí espazo?***

Santiago de Compostela, a 18 de abril de 2017



Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.